

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 09:30 horas do día 25 de febreiro de 2021, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (asiste ao punto 10)

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 22 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliáble mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda excluír deste procedemento aos seguintes licitadores:

1. PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.: por non presentar no sobre B o documento esixido no apartado 6.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, Proxecto Educativo do Centro (PEC) individualizado para cada unha das escolas e non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo		Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE		CSV: A3A641-E8A227-54CE47-U1QQVE-X13KBM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

particulares

- MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA S.L.: por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (*"Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 25 puntos"*).

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento das horas de adicación do servizo de orientación familiar (nº) horas/semana	achega de materiais didácticos (importe en euros)
1	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	980.000,00 €	13	7.100 €
2	COLEGIO LOS MILAGROS S.L.	1.089.000,00 €	13	7.000 €
3	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	1.095.605,00 €	13	7.000 €
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	1.107.698,56 €	13	7.000 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Carmen Villaescusa Rodríguez, con DNI ****.*36.39***, en representación de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A., D^a Marta Fernández Otero con DNI ****.*91.13*** en representación de Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. e D.José Luis Rey Parente con DNI ****.*44.46***, en representación de Colegio Los Milagros S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 25 de febreiro de 2021, coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A641-E8A227-54CE47-U1QQVE-X13KBM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

Retírase este asunto da orde do día toda vez que no informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 25 de febreiro de 2021 que foi aceptado por unanimidade dos membros da Mesa no asunto anterior (punto 6.a) se informa que ningunha oferta está incurso en presunción de anormalidade.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de febreiro de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan polos seguintes motivos:

1. PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.: por non presentar no sobre B o documento esixido no apartado 6.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, Proxecto Educativo do Centro (PEC) individualizado para cada unha das escolas e non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares
2. MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA S.L.: por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ("*Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 25 puntos*").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS SL	91,93 puntos
2	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	80,59 puntos
3	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	76,50 puntos
4	KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.	74,54 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS SL con CIF B36626109, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A641-E8A227-54CE47-U1QQVE-X13KBM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:10, logo dun receso de dúas horas e corenta minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 12:07	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A641-E8A227-54CE47-U1QQVE-X13KBM-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		